

Mércores, 3 de xaneiro de 2024

Núm. 2

XUNTA DE GALICIA
CONSELLERÍA DE EMPREGO E IGUALDADE
XEFATURA TERRITORIAL DA CONSELLERÍA DE EMPREGO E IGUALDADE
ÁREA DE RELACIÓNS LABORAIS DE PONTEVEDRA

Convenios

*ACORDO DA COMISIÓN NEGOCIADORA DO CONVENIO COLECTIVO PARA O PERSOAL
LABORAL DAS EMPRESAS DO SECTOR DE ALMACENISTAS DA MADEIRA DA PROVINCIA
DE PONTEVEDRA, POLO QUE ESTABLECE O CALENDARIO LABORAL PARA O ANO
2024*

Convenio o Acordo: ALMACENISTAS DE MADERA

Expediente: 36/01/0320/2023

Data: 05/12/2023

Asunto: RESOLUCIÓN DE INSCRIPCIÓN E PUBLICACIÓN

Código de Convenio número: 36000085011981.

Visto o Acordo da Comisión Negociadora do convenio colectivo para o persoal laboral das empresas do sector de ALMACENISTAS DA MADEIRA DA PROVINCIA DE PONTEVEDRA, polo que establece o calendario laboral para o ano 2024, subscrito en representación da parte económica, pola organización empresarial Asociación de Empresarios da Madeira de Pontevedra (ASEMA) e da parte social polas Centrais sindicais CIG, CCOO e UGT, que foi adoptado o devandito acordo en data 3 de novembro do 2023

Primeiro.— Dito Acordo foi presentado na Xefatura Territorial de Vigo en data 30 de novembro do 2023.

Segundo.— Que no mesmo non se aprecia ningunha infracción da legalidade vixente e as súas cláusulas non conteñen estipulacións en prexuízo de terceiros.

FUNDAMENTOS DE DEREITO

Primeiro.— Que o artigo 90.2 e 3 do Real Decreto Lexislativo 2/2015, do 23 de outubro, do Estatuto dos Traballadores, outorga facultades a Autoridade laboral competente en orde ao rexistro, publicación, depósito e notificación dos Acordos Colectivos pactados no ámbito da súa competencia.

Segundo.— Real Decreto 713/2010, de 28 de maio, sobre Rexistro e Depósito dos convenios e acordos colectivos de traballo.



Mércores, 3 de xaneiro de 2024

Núm. 2

Terceiro.— Real decreto 2412/82, do 24 de xullo, sobre traspaso de funcións e servizos da Administración do Estado á Comunidade Autónoma de Galicia, en materia de traballo,

Esta xefatura territorial,

ACORDA:

Primeiro.— Ordenar o seu rexistro e inscrición no Rexistro de Convenios e Acordos Colectivos de Traballo da Comunidade Autónoma de Galicia, creado mediante Orde do 29 de outubro do 2010 (DOG nº 222, do 18.11.2010).

Segundo.— Dispoñer a súa publicación no Boletín Oficial da Provincia.

Terceiro.— Ordenar a notificación desta Resolución á Mesa Negociadora do mesmo.

O xefe territorial

CONVENIO COLECTIVO DE ALMACENISTAS DE MADERA DA PROVINCIA DE PONTEVEDRA

(CÓDIGO DE CONVENIO Nº 36000085011981)

COMISIÓN NEGOCIADORA

ACTA FESTIVOS ARTÍCULO 20

ASISTENTES:

REPRESENTACIÓN EMPRESARIAL

ASEMA

- D. Mario Cardama Barrientos.

REPRESENTACIÓN SOCIAL

CIG

- D. Carlos Méndez Iglesias.

CCOO

- D. Francisco Estévez Rodríguez.

UGT

- D. José Carlos Casal Iglesias.



Mércores, 3 de xaneiro de 2024

Núm. 2

En Vigo, nos locais da CEP, sendo as 11:00 horas do día 3 de novembro do 2023, reúnen os representantes das persoas traballadoras e do sector empresarial de ALMACENISTAS DE MADERA de la provincia de Pontevedra co fin de modificar o artigo 20 do texto do convenio citado, publicado no BOPPO do día 30 de outubro de 2023. Asisten as persoas sinaladas arriba.

ACORDAN:

Primeiro.— Dar a seguinte redacción o artigo 20:

DIAS FESTIVOS

1.— A efectos de distribución e adecuación da xornada anual, con vixencia para o ano 2024, consideraranse como no laborais e retribuídos os días: 5 de xaneiro, 12 e 13 de febreiro, 1 de abril, 24 de xuño, 26 de xullo, 16 de agosto, 31 de outubro, 24 e 31 de decembro.

2.— Nos concellos onde a festividade local coincida cun día non laborable ou festivo de convenio, trasladarase ao día inmediatamente seguinte. Para o ano 2024 serán festivos de convenio os días:

- *14 de febreiro:* AGOLADA, ILLA DE AROUSA, MONDARIZ-BALNEARIO, O ROSAL, SALCEDA DE CASELAS, TOMIÑO, TUI, VIGO e VILABOA.
- *2 de abril:* FORNELOS DE MONTES, MEIS, PAZOS DE BORBÉN, PONTE CALDELAS, PORTAS, RIBADUMIA, SANXENXO e SOUTOMAIOR.
- *25 de xuño:* AGOLADA, CALDAS DE REIS, COVELO, MARÍN, NIGRÁN, POIO e RODEIRO.
- *29 de xullo:* A LAMA e O ROSAL.
- *19 de agosto:* ARBO, CALDAS DE REIS, CRECENTE, CUNTIS, GONDOMAR, MONDARIZ, VALGA, VIGO e VILAGARCÍA DE AROUSA.

3.— Os días de descanso retribuído, establecidos no apartado 1, poderán ser modificados por acordo entre empresa e as persoas traballadoras, ou a súa representación legal, para axustalos ás necesidades das partes.

Terceiro.— Autorízase á persoa habilitada do Consello Galego de Relacións Laborais, para que faga os trámites necesarios para o rexistro, depósito e publicación do texto da presente acta na Plataforma REGCON, así como en todos os rexistros correspondentes.

Remátase a reunión, sendo as 11:30 horas do día e lugar arriba indicados, de todo o cal as partes dan fe coa súa firma.

